



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PALAS DE REI PARA ACTUACIÓNS URXENTES DE REPARACIÓN NO CAMIÑO FRANCÉS POLAS CHOIVAS ACONTECIDAS NOS ÚLTIMOS MESES.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Palas de Rei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir os termos de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Palas de Rei, para a realización das actuacións urxentes de reparación dos danos no Camiño Francés, ao seu paso polo citado concello, ocasionados polas choivas dos últimos meses.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que se crea a Axencia Turismo de Galicia como axencia pública autonómica, e terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

**Segundo.-** O Camiño de Santiago foi declarado o Primeiro Itinerario Cultural Europeo, Ben de interese cultural, e Patrimonio da Humanidade e por tanto, non só o Camiño mais importante dos que levan a Santiago senón tamén o mais transitado e o que necesita un valor mais alto de protección así como unha atención aos peregrinos continuada sobre todo na época estival.





**Terceiro.-** Os concellos de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela, todos das provincias de Lugo e A Coruña, son os concellos polos que transcorre a ruta do Camiño Francés, e de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo.

**Cuarto.-** Desde o mes de novembro de 2017, unha vaga de choivas continuadas causou graves danos no Camiño Francés. Resulta urxente levar a cabo todas aquelas actuacións que permitan o arranxo de tales danos e o acondicionamento do Camiño Francés polo seu paso polos concellos galegos, aos efectos de que este se atope en óptimas condicións para o tránsito das persoas peregrinas, unha vez chegue a época estival, momento no que a afluencia de peregrinos/as é maior.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Palas de Rei unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M<sup>a</sup> Elena Barca Ramos

